




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Caión. Concello: A Laracha. Parroquia: Santa María do Socorro de Caión. Extensión: 1,67 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade irregular e complexa, tanto no debuxo da liña de costa como na súa proxección continental. Trátase dunha costa recortada e afectada por numerosas liñas de debilidade tectónica, así como de varios tipos de rocha con resistencia diferencial. Iso explica a existencia dunha península, dunha enseada areenta e de numerosas furnas costeiras e restos de plataforma rochosa intermareal relacionados co retroceso diferencial da liña de costa. Pero cara ao interior, tamén se suceden diferentes planos que irregularizan a unidade. Un acantilado vertical dá paso a unha ladeira de pendente regular e elevada. Esta vólvese convexa para realizar a primeira inflexión ou chanzo. O chanzo, debido a relevos en resalte derivados por liñas de debilidade traseiras e paralelas á costa, dá paso a unha nova vertente de pendente variables que remata nas cimas que cerran a unidade. Trátase dunha área bastante compartimentada. Inclúe o EIX Penínsulas de Galicia: Caión.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade repártese entre as migmatitas hercinianas e un granito cataclástico de dúas micas tamén herciniano. O granito cataclástico ocupa unha banda NE - SO na parte oriental, o extremo sur e intercálase na península de Caión ao norte.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade incluída principalmente no dominio Cálido e Subhúmido con valores anuais medios de temperatura por enriba dos 14° C e entre 1000 mm e 1200 mm de precipitación. A amplitude térmica anual non supera os 13,5°C. As elevacións do Monte do Espírito Santo e Pedra Queimada, no extremo sur da unidade, reciben unha maior pluviosidade rexistrando entre 1200 mm e 1400 mm anuais.

OS SOLOS

A unidade, en vertente, con pendente ás veces notable, desenvolve os pouco evolucionados umbrisoles dístrico-lépticos.


AS AUGAS

A rede fluvial está composta por pequenas valgadas no tramo acantilado e un val principal, ao oeste da vila de Caión, que verte sobre a masa de Augas Costeiras da costa de Caión (20131), ao redor da área sedimentaria.

O PATRIMONIO NATURAL

Da punta da península de Caión ao oeste, litoral do IBA Costa da Morte. Unidade bastante transformada polo ser humano, pero con certa variedade de ambientes. Tramo das Felgueiras a Punta Atalaia e extremo occidental da unidade incluídos no LIC Costa da Morte. Fronte acantilada que presenta tanto o hábitat 1230, acantilados costeiros atlánticos, como o 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados - na plataforma rochosa e as praias de coiros. Presenta o hábitat 8330 de furnas mariñas mergulladas e semimergulladas. Nas vertentes do Monte da Atalaia, hai breixeiros costeiras do 4030 (secas europeas) e 4040 (secas costeiras atlánticas con Erica vagans). Nos campos de cultivo do SO da vila, o abandono fixo aparece 1,5 ha de bosques de recolonización. A praia de Caracoleiro só posúe o hábitat de dunas 2110, dunas móbiles embrionarias. Pero o seu amplo intermareal inclúe o 1140, chairas lamacentas ou areentas non cubertas de auga na baixamar. Conta con cita do taxon vulnerable Rumex rupestris.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Dentro da unidade existe un claro predominio do espazo cultivado fronte a outros usos, dado que nos atopamos nun contorno eminentemente rural no que o sector primario segue desempeñando un papel fundamental. Naquelas áreas que polas súas condicións topográficas son máis desfavorables para os labores do campo prodúcese un abandono dos campos de cultivo, que pasan a ser ocupados por repoboacións forestais que actúan como complemento económico. En ocasións estes antigos campos abandónanse completamente e as parcelas cúbrense con matogueira ou, como máximo, con incipientes formacións boscosas que aparecen de xeito espontáneo. O espazo urbano, representado na vila de Caión, ocupa a pequena península situada no extremo norte, ademais dalgún pequeno enclave situado ao redor das estradas de acceso ao núcleo. O espazo litoral está ocupado por unha fronte acantilada que serve de gornición natural á praia de Arnela, principal reclamo turístico da zona.

MORFOLOXÍA

Na presente unidade, a pendente condiciona a morfoloxía do parcelario que responde a unha tipoloxía minifundista, coa salvidade de que as parcelas ocupan pequenos socalcos delimitadas por sebes naturais constituíndo unha paisaxe de campos pechados. Pola súa banda, a vila de Caión (considerado núcleo de identidade do litoral) adapta a súa forma á península onde está situada. Dentro dela distínguense varias tipoloxías morfolóxicas: o espazo central correspóndese co núcleo primitivo composto por casas pequenas e sobrecargadas formando unha entidade definida e compacta, a aldea de Caión. A zona setentrional da península está ocupada por edificacións máis recentes de planta rectangular e edificación en altura que cobren a fachada mariña. Por último os sectores meridionais da unidade están ocupados por vivendas dispersas que aparecen ligadas ás vías de comunicación de acceso ao núcleo principal e que xorden aleatoriamente ocupando antigos terreos cultivados.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A CP-1909 é a vía principal da unidade, sendo tamén a estrada de entrada á vila de Caión. Esta estrada enlaza coa CP-0513 e coa CP-0514 xerarquizándose arredor delas as restantes infraestruturas de comunicación de carácter local. Ao redor destas vías concéntranse as novas edificacións que van aparecendo no contorno de Caión, buscando unha maior eficiencia nos seus desprazamentos e unha comunicación máis fluída coa cabeceira parroquial. Nos arredores do núcleo rural e aproveitando unha baía natural sitúase o porto de Caión, onde se desenvolven actividades ligadas á pesca de baixura e que funciona como porto de recalada para embarcacións de recreo na época estival.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na unidade aparecen diferentes tipos de elementos arquitectónicos de interese cultural e histórico asociados á vila de Caión. A peculiar fisionomía construtiva destes enclaves costeiros queda reflectida en varias vivendas repartidas pola zona antiga e que merecen unha especial atención. Mencionar tamén os restos da Capela de San Roque situada no mesmo núcleo. A combinación da actividade pesqueira coa agrícola que, en certa medida, caracteriza esta unidade, vese reflectida no patrimonio cultural, tanto nas festas patronais en honra á Virxe do Carme, patroa dos mariñeiros, como nos hórreos, que dan idea da importancia que o cultivo do gran (millo principalmente) tiña antano. Dentro da arquitectura relixiosa destaca o Santuario da Virxe dos Milagres, ao que se peregrina no mes de setembro dende a Igrexa parroquial da Nosa Señora do Socorro de Caión, podendo contemplar en todo o percorrido a agra da unidade e as vistas ao mar dende o interior.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A organización espacial desta unidade xerarquízase ao redor do núcleo de Caión, que, a pesar das transformacións urbanas sufridas ao longo dos últimos anos, segue respondendo ás características típicas dun enclave mariñeiro, é dicir, localizado directamente na fronte costeira e moi próximo a unha zona portuaria. Trátase dunha unidade que combina o carácter mariñeiro co agrícola e o de servizos, este último ligado á presenza da praia areenta de Arnela e aos pequenos e suaves acantilados, elementos que supoñen un forte atractivo turístico. No referente ao carácter agrícola, a unidade está organizada arredor de parcelas minifundistas, o que constitúe un claro exemplo do agro no rural galego.

DINÁMICA DA PAISAXE

As transformacións sufridas dentro da unidade nos últimos 50 anos tradúcense en dous aspectos fundamentais. Por un lado, está o crecemento da vila Caión, que implica unha maior presión sobre o solo, ocupando parte da costa antano dedicada á agricultura ou ben sen un uso determinado e, por outro, o crecemento e expansión lineal, vinculado ás vías de comunicación e cara ao interior. Ademais, produciuse unha maior dispersión da poboación e un cambio nos usos e aproveitamento do solo en moitas das parcelas anteriormente cultivadas. Na zona meridional da unidade, de maior altura e pendente, abandónase unha alta porcentaxe das terras cultivadas, que agora pasa a estar cuberta de bosques de repoboación (pinus pinaster e eucaliptus glóbulus). O uso silvícola indica unha menor dependencia da agricultura, que na actualidade supón un complemento aos ingresos familiares e non a base económica como acontecía a mediados do século pasado. O crecemento de Caión leva aparelado un maior número de infraestruturas e unha mellora das existentes. Aparecen novas estradas sobre antigos camiños de terra modificando a trama viaria orixinal e buscando unha maior funcionalidade no referente ás comunicacións entre a vila e os lugares próximos. Pola súa banda, o antigo porto viu incrementada a súa superficie coa construción dun novo dique co fin de ampliar os equipamentos básicos e que permitan un mellor desenvolvemento das actividades pesqueiras.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

As transformacións sufridas neste espazo ao longo dos anos modificaron os trazos naturais e urbanos propios da unidade. Non obstante, os sinais de identidade aínda permanecen en elementos como a zona antiga de Caión ou nas zonas costeiras que rodean a vila, recoñecidas dentro da Rede Natura 2000. Dende o punto de observación proposto, situado na Capela dos Milagres gózase dunha panorámica completa da unidade. Nela pódense apreciar os elementos propiamente rurais asociados ao parcelario (nalgunhas zonas aínda moi ben conservado) e os elementos naturais de interese como a propia península de Caión, considerada un fito xeomorfolóxico. A área constitúese como un lugar de reclamo turístico dadas as súas excepcionais condicións naturais cunha fronte costeira ben conservada e sen edificacións (agás no núcleo urbano), completadas cun fondo escénico en pendente que resalta todos os aspectos anteriormente descritos. Os aspectos físicos antes descritos complétanse cun amplo elenco de festas e tradicións, moi arraigadas na zona, como a romaxe dos Milagres. Isto, unido ao rico patrimonio arquitectónico, converte este punto do litoral en exemplo típico da cultura tradicional galega.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de recualificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



